

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

408 REAL DECRETO 1539/2006, do 15 de decembro, polo que se regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de maquinaria agrícola. («BOE» 9, do 10-1-2007.)

A concesión de axudas para a renovación do parque nacional de tractores, establecidas para aplicar o Plan de acción de aforro e eficiencia enerxética 2004-2007, aprobado polo Consello de Ministros na súa reunión do 23 de novembro de 2003, foi establecida mediante o Real decreto 178/2005, do 18 de febreiro, polo que se regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de tractores.

Os resultados desta liña de axudas foron inferiores ás previsións, téndose determinado que o principal motivo radica no importe das axudas, que non compite co prezo de mercado dos tractores usados, polo que estes continúan en funcionamento e, en consecuencia, non se conseguiu suficientemente o fin pretendido.

A necesidade de cumprir os obxectivos de mellorar a eficiencia enerxética para conseguir a cota de aforro de carburantes asignada ao sector agrario, así como a de reducir as emisións contaminantes á atmosfera e a de rebaixar os índices de sinistralidade nas actividades agrícola e forestal, require que se estableza un novo plan de renovación, en substitución do establecido polo Real decreto 178/2005, do 18 de febreiro.

Este novo real decreto establece incrementos no importe da axuda, a súa extensión a outros tipos de máquinas, particularmente ás autopropulsadas, o seu condicionamento a criterios obxectivos de maior eficiencia enerxética e a flexibilización de certos requisitos que, en conxunto, determinan o seu maior atractivo para varios grupos de posibles beneficiarios.

No proceso de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Este real decreto foi notificado á Comisión Europea en cumprimento do disposto nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de decembro de 2006,

DISPÓNDO:

Artigo 1. *Obxecto e fins.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer, en réxime de concorrencia competitiva, as bases reguladoras das axudas para fomentar a renovación do parque nacional de tractores e máquinas automotrices agrícolas, mediante o desmantelamento das unidades destas máquinas máis antigas e a súa substitución por novos tractores e novas máquinas, que ao estaren equipados con modernas tecnoloxías, melloran as condicións de traballo, teñen unha maior eficiencia enerxética e producen un menor impacto ambiental.

2. Tamén se poderán destinar estas axudas procedentes do desmantelamento de tractores e máquinas automotrices á adquisición de determinadas máquinas arrastradas, como:

- a) Sementadoras directas.

- b) Cisternas para xurro e espaxadores de fertilizantes sólidos equipadas con dispositivo de localización.

3. Son fins da presente disposición:

- a) Garantir unha mellora das condicións de traballo dos agricultores no manexo da maquinaria agrícola.

- b) Incrementar o equipamento destes vehículos para maior seguranza nos seus desprazamentos polas vías públicas.

- c) Potenciar a utilización de tractores e máquinas automotrices dotados con motores de novo deseño e de mellor aproveitamento enerxético do combustible.

- d) Reducir a contaminación por emisión de gases e o seu nivel sonoro.

- e) Asegurar a introdución na agricultura de tractores e de máquinas con alta tecnoloxía, fiables e apropiados para satisfacer os requirimentos demandados pola agricultura moderna.

- f) Promover a utilización en común da maquinaria agrícola para economizar os recursos do sector.

Artigo 2. *Contía da axuda.*

1. A contía base da axuda establécese en 80 euros por cabalo de vapor (CV), da potencia que consta na inscrición no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA), no caso de tractores e motocultores. Para o resto de máquinas automotrices, a potencia en CV determinarase multiplicando polo factor 5 a súa potencia fiscal.

2. No caso de o beneficiario ser persoa física, a contía base da axuda incrementarase, atendendo ás condicións do beneficiario e da súa explotación, nas contías seguintes:

- a) Por ser titular dunha explotación agraria prioritaria, definida no artigo 3 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, en 25 euros por CV.

- b) Por ser agricultor mozo, que presente a solicitude de axuda para desmantelamento do tractor ou máquina automotriz durante o proceso da súa primeira instalación ou nos cinco anos seguintes a esta, en 25 euros/CV.

- c) Por ser muller, en 10 euros/CV.

- d) Por estar a explotación nunha zona cualificada como zona de montaña ou outras zonas con dificultades, de acordo co sinalado no Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), en 10 euros por CV.

3. No caso de o beneficiario ser cooperativa agraria, cooperativa de explotación comunitaria da terra, cooperativa de traballo asociado cuxa actividade principal sexa a agraria ou unha sociedade agraria de transformación (SAT), inscritas nos correspondentes rexistros oficiais, a contía da axuda será a contía base incrementada en 70 euros por CV de potencia dos tractores e máquinas automotrices desmantelados. Para outras persoas xurídicas cuxa actividade principal sexa a produción agraria, así como para as persoas físicas ou xurídicas cuxa actividade principal sexa a prestación de servizos agrarios, sempre que estean inscritas nos correspondentes rexistros ou censos oficiais, o incremento da contía base será de 25 euros por CV de potencia da maquinaria desmantelada.

4. O solicitante poderá desmantelar máis dun tractor ou máquina automotriz, e adquirir un único tractor novo ou unha soa máquina nova, sempre que a contía total das axudas que poida percibir o beneficiario non exceda os límites máximos especificados no artigo seguinte.

5. A contía da axuda incrementase atendendo ás deficiencias de seguranza dos tractores desmantelados, en 80 euros por CV cando sexan unidades de tractores inscritos no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola

(ROMA) antes das datas de exhibibilidade da obriga de ter estruturas de protección homologadas para cada grupo e subgrupo de tractor, tal e como figuran na resolución do 21 de marzo de 1997 (BOE do 11 de abril de 1997) da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrícolas, pola que se actualiza o anexo I da orde do 27 de xullo de 1979 pola que se regula tecnicamente o equipamento dos tractores agrícolas con bastidores ou cabinas oficialmente homologadas. Para os tractores estreitos (grupo 3), entenderase como data de exhibibilidade o 2 de xullo de 1993.

6. A contía base da axuda poderase incrementar tamén atendendo á clasificación segundo a eficiencia enerxética do novo tractor, e ao seu estado de cumprimento da normativa de emisións, regulada polo Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da CE, relativas á homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas deses vehículos, nos seguintes importes, referidos á potencia da maquinaria desmantelada:

- a) Por clasificación na categoría máis alta de eficiencia enerxética (A): 30 euros/CV.
- b) Por clasificación na segunda categoría máis alta (B): 10 euros/CV.
- c) Por ter na súa homologación valores de emisións contaminantes inferiores ás exixidas, no momento de presentación da solicitude, en 10 euros/CV.

Artigo 3. *Compatibilidade con outras axudas e contía máxima.*

1. A axuda regulada por este real decreto é compatible con calquera outra axuda legalmente establecida, sempre que, no seu conxunto, non supere os límites especificados nos números seguintes.

2. A contía máxima do conxunto das axudas a que se refire o número 1, expresado en porcentaxe do importe do investimento subvencionable, calculada a partir do custo total de adquisición, considerando o prezo neto de factura, sen incluír IVE, é:

- a) En zonas de montaña ou demais zonas con dificultades, o 50 por cento.
- b) Nas demais zonas, o 40 por cento.
- c) En Canarias, por ser zona ultraperiférica, o 75 por cento.
- d) En agricultores mozos ou mulleres, as porcentaxes anteriores incrementaranse en 10 puntos porcentuais en cada caso.

3. O límite do investimento subvencionable será o establecido no artigo 26 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro de 2005.

Artigo 4. *Requisitos e compromisos dos beneficiarios.*

1. Para acceder á axuda regulada neste real decreto é necesario:

- a) Ser titular dunha explotación agraria ou tratarse dunha persoa física ou xurídica das determinadas no artigo 2.3.
- b) Ser titular do novo tractor ou máquina e da maquinaria desmantelada, tendo en conta as excepcións recollidas no artigo 5.b).
- c) Cumprir as normas comunitarias aplicables aos investimentos de que se trate, tal como establece o artigo 26 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do 20 de setembro de 2005, para a medida de modernización das explotacións agrarias.
- d) Comprometerse a non allear o novo tractor ou a nova máquina durante un período de cinco anos. En caso

de incumprimento, o beneficiario deberá reintegrar ao Tesouro público o importe da axuda obtida e os xuros correspondentes, salvo nos casos de forza maior previstos na normativa comunitaria en materia de axudas á modernización de explotacións agrarias.

2. Así mesmo, poderanse beneficiar da axuda as cooperativas agrarias, as cooperativas de explotación comunitaria da terra, as cooperativas de traballo asociado cuxa actividade principal sexa a agraria e as SAT que adquiran un novo tractor ou máquina para a súa utilización en común, con desmantelamento dunha ou máis unidades de tractores ou máquinas automotrices antigas, cuxos titulares sexan a propia cooperativa ou ben socios destas, e que cumpran os requisitos anteriores, a excepción do sinalado na alínea b) do número anterior.

Artigo 5. *Requisitos do tractor e máquina automotriz desmantelados.*

Os tractores e máquinas que se desmantelen deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter máis de 15 anos de antigüidade, excepto para os equipos de recolección, que poderá ser de 10 anos, o que se xustificará pola data da súa primeira inscrición como alta no ROMA e a data de solicitude de baixa definitiva por desmantelamento.
- b) Estar inscrito no ROMA baixo a titularidade do solicitante da axuda ou dos socios de cooperativas ou SAT nos casos determinados no artigo 4.2.
- c) Ser entregado a un centro autorizado de tratamento ou nunha instalación de recepción, regulados no Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil, e na Orde INT/249/2004, do 5 de febreiro, pola que se regula a baixa definitiva dos vehículos descontaminados ao final da súa vida útil, para a súa destrución.
- d) Causar baixa definitiva no ROMA, cunha anotación en que se faga constar que foi desmantelado. Así mesmo, deberá causar baixa definitiva no Rexistro de vehículos, se estiver inscrito nel.

Artigo 6. *Requisitos do novo tractor ou máquina.*

O novo tractor ou máquina deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser de primeira adquisición.
- b) Quedar inscrito como tal no ROMA correspondente.

Artigo 7. *Solicitude e concesión da axuda.*

1. As solicitudes para obter a axuda dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma, no prazo máximo de tres meses contados desde o día seguinte á publicación da convocatoria ou convocatorias que efectúen as comunidades autónomas, e incluírán, cando menos, a seguinte información:

- a) Nome, enderezo e requisitos reunidos polo solicitante da axuda.
- b) Localización e características da explotación, especificando a súa superficie, os principais aproveitamentos e o parque de maquinaria existente, se for o caso.
- c) No caso de cooperativas ou outras entidades, o xustificante de estaren inscritas no rexistro ou censo correspondente.
- d) Marca, modelo, potencia en CV dos tractores e máquinas automotrices a desmantelar e ano da primeira inscrición no ROMA de cada unidade.
- e) Xustificante acreditativo da satisfacción dos requisitos especificados no artigo 5.b).

f) Marca, modelo e prezo neto, sen IVE, do novo tractor ou máquina que se adquiera, mediante factura pro forma.

g) Contía da axuda solicitada, de acordo co establecido nos artigos 2 e 3, desagregada nos distintos conceptos.

2. No caso de as peticións presentadas excederen do crédito dispoñible, ordenaranse as solicitudes atendendo ao seguinte baremo:

a) Por ser cooperativa de maquinaria, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou cooperativa con sección específica de maquinaria ou de servizos que incorporen maquinaria, sempre que dispoña de regulamento de funcionamento interno: cinco puntos.

b) Por ser outro tipo de cooperativa ou unha SAT: catro puntos

c) Por ser titular de explotación prioritaria: tres puntos.

d) Por se encontrar a explotación en zona de montaña ou demais zonas con dificultades: dous puntos

e) Por ser agricultor mozo: tres puntos.

f) Por ser muller: dous puntos.

g) Por ser persoa física ou xurídica cuxa actividade principal sexa a prestación de servizos agrarios: dous puntos.

h) Pola clasificación do novo tractor na categoría máis alta de eficiencia enerxética: dous puntos.

i) Pola clasificación do novo tractor na segunda categoría máis alta de eficiencia enerxética: un punto.

j) Porque as emisións de gases contaminantes sexan inferiores ás exixidas pola lexislación na súa homologación: un punto.

k) Por se tratar dun modelo de tractor a desmantelar sen estrutura de protección homologada oficialmente: dous puntos.

En caso de igualdade entre solicitudes, darase prioridade á correspondente ao solicitante que queira substituír o tractor de maior antigüidade.

3. As solicitudes denegadas por falta de orzamento poderanse considerar no período de solicitudes seguinte, en iguais condicións que o resto de solicitudes, a pedido dos seus titulares.

4. Na resolución de concesión das axudas pola autoridade competente da comunidade autónoma deberá constar que foron financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado ou, se for o caso, a porcentaxe correspondente financiada con cargo a estes.

Artigo 8. *Xustificación e pagamento.*

1. Dentro do prazo que determine a comunidade autónoma, que non excederá un ano despois de ter notificado aos beneficiarios a resolución favorable, estes deberán:

a) Ter dado de baixa os tractores e máquinas automotrices desmantelados no ROMA onde estivesen inscritos, conforme o establecido no número sexto da orde do 28 de maio de 1987, sobre inscrición de máquinas agrícolas nos rexistros oficiais, e xuntar a documentación que acredite o cumprimento do artigo 6.

b) Ter dado de alta no ROMA o novo tractor ou máquina, conforme o punto quinto da citada orde do 28 de maio de 1987, e xuntar a factura de compra, na cal deben aparecer detallados os seguintes conceptos:

1.º O prezo da tarifa do tractor ou máquina adquiridos, co seu equipamento.

2.º Os descontos aplicados pola empresa vendedora, especificando os distintos conceptos e, en especial, o que aplique polo desmantelamento dos tractores ou máquinas automotrices antigos.

3.º O prezo neto, sen IVE.

2. Os pagamentos das axudas concedidas serán realizados polas comunidades autónomas.

Artigo 9. *Transferencia de fondos e seguimento das axudas.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación transferirá ás comunidades autónomas as cantidades que correspondan para atender o pagamento das subvencións reguladas por este real decreto, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e conforme o establecido no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. A Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural fixará os criterios obxectivos de distribución destas subvencións, tendo en conta, se for o caso, a información dispoñible sobre as unidades susceptibles de desmantelamento inscritas en cada ROMA e a que remitan as comunidades autónomas ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sobre as solicitudes presentadas. Esta información conterá a relación de solicitantes, con indicación da puntuación obtida, se for o caso, os datos identificativos de cada un deles e as súas características, as da súa explotación, a identificación do tractor e/ou máquina automotriz que se desmantelará e das novas máquinas, así como o importe da axuda que lles corresponda, conforme os criterios deste real decreto.

3. O seguimento da execución orzamentaria das axudas reguladas por este real decreto efectuarase tendo en conta os informes que cada comunidade autónoma remitirá á Dirección Xeral de Agricultura, dentro do primeiro trimestre de cada ano; especificaranse as contías totais de compromisos de crédito, as obrigas recoñecidas e os pagamentos realizados no ano anterior, e farase constar o cofinanciamento comunitario correspondente e, se for o caso, o autonómico, así como a documentación necesaria para a comunicación das axudas do Estado á Comisión Europea.

Disposición adicional primeira. *Cobertura de garantías.*

No caso de o beneficiario optar por completar o financiamento da compra do novo tractor mediante a solicitude dun crédito avalado coa garantía da Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA), as comisións establecidas por esta sociedade serán subvencionadas no 0,5 por cento do importe avalado, sempre que a axuda final non supere os límites establecidos no artigo 3.

Disposición adicional segunda. *Vehículos históricos.*

No suposto de tractores de época ou históricos de máis de 30 anos de antigüidade, con valor de colección ou susceptibles de exposición en museos, poderase substituír o seu desmantelamento pola entrega a unha entidade ou asociación que garanta a súa retirada da actividade agraria.

Disposición adicional terceira. *Difusión de información relativa á eficiencia enerxética, ao cumprimento da lexislación en materia de emisións contaminantes e ás estruturas de protección homologadas en tractores.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación difundirá e actualizará a través da súa páxina da internet, a clasificación dos tractores segundo a súa eficiencia enerxética, determinada de acordo coa metodoloxía elaborada conxuntamente pola Estación de Mecánica Agrícola da Dirección Xeral de Agricultura e polo Instituto

para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE). De igual forma, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicará o estado do cumprimento da lexislación en materia de emisións contaminantes dos novos tractores.

Así mesmo, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación facilitará as datas de exixibilidade da obriga de ter estruturas de protección oficialmente homologadas para cada grupo e subgrupo de tractor, de acordo co disposto no artigo 2.5.

Disposición adicional cuarta. *Retirada de vehículos a desmantelar.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá establecer convenios de colaboración coas asociacións de comercializadores de maquinaria agrícola, para facilitar a retirada dos vehículos a desmantelar das explotacións.

Disposición adicional quinta. *Condición suspensiva.*

O pagamento das axudas concedidas quedará condicionado á decisión positiva da Comisión Europea sobre a súa compatibilidade co Mercado Común, de acordo co artigo 88 do Tratado.

Disposición adicional sexta. *Informe de resultados.*

No curso do último trimestre de 2009, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación elaborará un informe sobre os resultados obtidos na aplicación deste real decreto. O Goberno, á vista deste informe, deberá decidir sobre a continuidade desta liña de subvencións.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 178/2005, do 18 de febreiro, que regula a concesión de axudas para a renovación do parque nacional de tractores.

Disposición derradeira primeira. *Normativa aplicable.*

En todo o non previsto neste real decreto, aplicarase a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do seu regulamento executivo, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica e dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dítar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto.

Así mesmo, facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para incluír outras máquinas arras-tradas no ámbito de aplicación deste real decreto, así como para modificar o prazo máximo de presentación de solicitudes.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», e a súa vixencia finalizará o 31 de decembro de 2009.

Dado en Madrid o 15 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA